



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data 29 de novembro de 2006 adoptou a seguinte:

RESOLUCIÓN:

Visto o expediente de clasificación como veciñal e man común de monte denominado Comunal de Porto de Eguas, tramitado a solicitude dos veciños do lugar de Porto de Eguas, da parroquia de Partovia, resultan os seguintes:

FEITOS:

Primeiro.- Con data 2 de maio de 2002 tivo entrada no rexistro da delegación provincial da consellería de Medio Ambiente escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de veciños do lugar de Porto de Eguas, da parroquia de Partovia, concello do Carballiño, no que solicitan a clasificación como veciñal en man común do precitado monte a favor dos veciños do devandito lugar.

Segundo.- Con data 11 de maio de 2006 o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instructor e procedendo a realizar as comunicacións e publicacións ás que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período de un mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.- No prazo concedido para a práctica de alegacións os representantes da comunidade veciñal neste órgano colexiado presentan escrito de rectificación e aclaración de lindeiros de cuatro parcelas que se lles tiña requerido.

Cuarto.- O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación obrante no expediente, descríbese así:

Concello: O Carballiño.

Denominación do monte: Comunal de Porto de Eguas.

Comunidade veciñal solicitante: veciños do lugar de Porto de Eguas, parroquia de Partovia, concello do Carballiño.

Superficie: 6,58 Has, en total, aproximadamente.

Parcela 1 Roto

Superficie: 16,71 áreas, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: leiras de Ana Rodríguez (1378); Antonio Pérez Vázquez (1379); Marina Blanco Rodríguez (1380); Antonio Blanco Rodríguez (1381); Herminio Blanco Rodríguez (1382); Hipólito Blanco Rodríguez (1383); Jorge González Pérez (1384); José Nogueira Alón (1385) e Andrés Dorrego Espiñeira (1386).

Sur: leiras de Modesto Puga Paz (238); Manuel Veiga González (284) e Manuel González Prado (285).

Leste: leiras de Rogelio Fuentes Otero (1387) e José Antonio Núñez Fernández (1389).

Oeste: leira de Concepción Pérez Vázquez (1377).

Parcela 2 Souteló (oeste)

Superficie: 81,22 áreas, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: leiras de Modesto Puga Paz (278); propietario descoñecido (279); Cándido Núñez Vázquez (280); Modesto Puga Paz (281); José Luís González (297); Modesto Puga Paz (492) e Julia Álvarez Álvarez (493).

Sur: con rego Varille e zona expropiada para estrada OU-312.

Leste: zona expropiada.

Oeste: leiras de Agripina Espiñeira Puga (497); José Luis González González (498); Andrés Puga Fernández (500, 502); Antonio Vázquez Pérez (501); propietario descoñecido (479); Eloísa Vázquez Collazo (478); Concepción Pérez Vázquez (472); José Pérez González (470); Manuel González Prado (469) e Amparo González Puga (468).

Parcela 3 Soutelo (este) – Puente e Miño da Blanca.

Superficie: 1,673 Has., aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: leiras de Asunción Fernández Núñez (248); Pedro Dacal (272); fincas urbanas; Pilar Puga González (270); Margarita Puga González (269); Albino González González (268); Juan Quesada (331); Eulogio Garabatas Rodríguez (330); Lucinda Puga González (326); Rosalla Campos Puga (325); Emilio González González (324); Ricardo Rodríguez Núñez (323); Emilio Rodríguez González (322); José Luis González González (320); Modesto Puga Paz (319) e Ramón Pérez González (318).

Sur: camiño; leiras de Manuel González Prado (332); Julia González González (333); fincas urbanas de Porto Eguas e rego Varille.

Leste: antiga estrada Carballiño-Ribadavia; leiras de José Antonio Rodríguez (314); Manuel Prado González (315); Julia González González (316) e fincas urbanas de Porto Eguas.

Oeste: zona expropiada estrada OU-312.

Parcela 4 Novoa

Superficie: 5,73 áreas, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: leira de Andrés Pérez González (464).

Sur: leira de Juan Quesada (184).

Leste: leiras de Jacinto Fernández López (186); María Puga Alonso (183) e Margarita Puga (182).

Oeste: leira de Carmen Veiga Vázquez.

Parcela 5 Touza (pequena)

Superficie: 10,29 áreas, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: unión límites leste coeste.

Sur: leiras de Joaquín Rodríguez Pérez (201); Rosa González Valiño (202) e Julio Pérez González (192).

Leste: leiras de Juan Quesada (191); Martina Puga González (194) e Josefa Vega González (195).

Oeste: zona expropiada para estrada OU-312.

Parcela 6 Touza (partida).

Superficie: 35,38 áreas aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: leiras de Manuel Hermida González (167); Sira Veiga González (168); Juan Veiga Puga (169); Gumersindo Veiga Rodríguez; Inés Fernández Díaz (171); M^a Socorro Novoa González (172); Pilar Puga (173); Margarita Puga (174); Carmen Vázquez Collazo (175); José Luis González González (176); Cándido Núñez Rueda (177); M^a Rosario e Ricardo Núñez Puga (181); Margarita Puga (182); María Puga Alonso (183) e Juan Quesada (184).

Sur: monte compartido cos veciños de Anllo.

Leste: zona expropiada da estrada OU-312.

Oeste: leira de Purificación Alemparte González (166).

Parcela 7 A Costa (pequena)

Superficie: 54,80 áreas, aproximadamente.

Lindeiros:

Norte: estrada de Porto de Eguas a Varille e zona urbana.

Sur: estrada San Amaro e zona urbana.

Leste: Manuel Angel Lorenzo Alvarez (668); Constantino Paz (671); e zona urbana de Porto de Eguas.

Oeste: leiras de Andrés e Purificación Domínguez Rodríguez (679); Francisco Muñoz Iglesias (680); e zona urbana de Porto de Eguas.



Parcela 8 A Costa (grande)

Superficie: 2,858 Has, aproximadamente

Lindeiros:

Norte: estrada de Porto de Eguas a San Amaro e fincas urbanas de Porto de Eguas.

Sur: toma linea que ven desde finca (21) ó oeste por separación da estrada de Anllo, comezando con cruz marcada en roca ó lado da mesma estrada, segue cara ó leste con linea de cruces separando o monte de Anllo ata a finca de Benjamín Puga González (281) e ali acaba.

Leste: leiras de Cándido Núñez Vázquez (748); José Veiga López (751 e 752); Luis Lage (753); Andrés Puga González (266); Angel Vázquez Collazo (267); Benjamín Puga González (281) y otros...

Oeste: leiras de Ramón Pérez González (693); Jacinto Fernández López (692); Dolores Veiga López (746); Severino Novoa (9); e propietario desconocido (21).

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é órgano competente para confeccionar os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- de conformidade co disposto no artigo 1 da devandita Lei "son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos membros daquelas na súa condición de veciños".

Terceiro.- É reiterada doutrina da sala contencioso-administrativa do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento ós veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña disfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto.- O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido reclamación ningunha de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros.

RESOLVE:

Primeiro: Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños do lugar de Porto de Eguas, no concello do Carballiño, o monte Comunal de Porto de Eguas coa descrición reflectida no feito cuarto.

Segundo: Que, en cumprimento do disposto no art. 28 do regulamento para a execución da Lei 13/1989 (citada) a presente resolución se notifique ós interesados no expediente e se publique no diario oficial de Galicia facendo constar que pode ser obxecto de recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos

artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/199, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo.



